

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases da convocatoria para a provisión de prazas do corpo da Policía Local do Concello de Sada incluídas na Oferta de Emprego Público 2016
Polo Decreto desta Alcaldía núm. 296/2017, do 20 de febreiro, corrixido polo Decreto núm.401/2017, do 8 de marzo, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE SADA INCLUÍDAS NA OEP 2016

1ª.- Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria a provisión en propiedade de dúas prazas vacantes do corpo da Policía Local deste Concello coas seguintes características:

a) Grupo C subgrupo C1; Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais; Clase: Policía Local; categoría: Oficial; número de vacantes: 1.

b) Grupo C subgrupo C1; Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais; Clase: Policía Local; categoría: Policía; número de vacantes: 1.

As ditas prazas inclúense na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio do ano 2016, aprobada polo Decreto da Alcaldía nº 1208/2016, de data 29 de xullo, e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 148 de data 5-8-2016.

2ª.- Sistema de provisión

Oficial: Promoción interna polo sistema de concurso-oposición

Policía: Oposición en quenda libre.

3ª.- Requisitos

Para poder participar no proceso selectivo é necesario reunir os seguintes requisitos:

I) Policía:

a) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1.

b) Superar os 18 anos de idade.

c) Ter a nacionalidade española.

d) Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública, nin separado do servizo nas Administracións Públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.

e) Estar en posesión dos permisos de condución das clases A2 e B na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo no Corpo da Policía Local.

f) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres. Este requisito comprobase inmediatamente antes do comezo do exercicio das probas físicas.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas, nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que se prestará mediante declaración xurada do aspirante, achegando a mesma á instancia no momento de presentala.

h) Acreditar a aptitude física mediante a presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos da oposición que se especifican na base 9ª, o cal non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflecta no certificado médico.

O certificado axustarase ao seguinte modelo: “Don/Dona..... reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas de aptitude física esixidas na base novena da Convocatoria.../... para a provisión en propiedade de 1 praza de Policía Local do Concello de Sada”.

II) Oficial:

- a) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1.
- b) Ser funcionario de carreira do Corpo da Policía Local do Concello de Sada cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría inmediata inferior.
- c) Non ter sido sancionado por falta grave ou moi grave ou telas canceladas.
- d) Faltarlle máis dun ano para o pase á situación de segunda actividade por razón de idade.

Os indicados requisitos deberán acreditarse na data na que termine o prazo de presentación de instancias desta convocatoria.

4ª.- Forma e Prazo de presentación de instancias

As instancias, dirixidas ao señor Alcalde, presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello durante o prazo de VINTE DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderán tamén presentarse nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso os solicitantes deberán comunicalo ao Concello durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada, mediante fax ao número: 981 621 274 ou ben correo electrónico coa solicitude rexistrada escaneada dirixido a: persoal@sada.gal indicando como asunto: PS OEP16-PL, co fin de que rematado o prazo de presentación de instancias sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos ata recibir a documentación remitida por estes aspirantes.

Se a instancia se presenta nunha oficina de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Pódese obter un modelo de instancia de participación en probas selectivas deste Concello nas dependencias municipais ou na ligazón de internet: <http://www.concellodesada.com/ga/a-un-click/impresos>.

Os aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 3ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

Praza de Policía.-

- Xustificante de pago da taxa de participación (base 5ª)
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia compulsada dos permisos de condución que constitúen requisitos de participación, e declaración xurada comprometéndose a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo, como funcionario de carreira, no Corpo da Policía Local.
- Declaración xurada do compromiso de portar armas e, no seu caso, chegar a utilízalas.
- Certificado médico conforme ao establecido na Base 3ª, l, h) da presente convocatoria.
- Fotocopia compulsada do título CELGA 4 ou equivalente, no seu caso, a efectos de exención da realización do exercicio de coñecemento de lingua galega

Praza de Oficial.-

- Xustificante de pago da taxa de participación (base 5ª)
- Fotocopia do DNI.
- Relación dos méritos que aleguen, enumerados segundo a orde establecida na Base 9.II.1 desta convocatoria. Xunto coa dita relación achegaranse os documentos xustificativos dos méritos, en orixinal ou fotocopia compulsada.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista de reserva. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello para todo o relacionado co proceso selectivo.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, inseríndose un extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

5ª.- Taxas de participación

A taxa de participación nos procesos selectivos, tanto para policía local como para oficial, ascende a 15 euros, consono á Ordenanza Fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, que se ingresará nalgunha das seguintes contas do Concello:

ABANCA: ES24/2080/5161/8731/1000/5369

BANCO PASTOR: ES55/0238/8109/9606/6000/0173

Indicarase como concepto do ingreso: Taxas OEP16PS1 PL para policía e Taxas OEP16PS2 PL para oficial.

Só se devolverá a taxa no caso de inadmisión ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos.

A falta de pago das taxas de participación dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a inadmisión do aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

6ª.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas que motivaron a exclusión. En dita resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello sinalarase un prazo de 10 días hábiles para que as persoas excluídas poidan emendar erros. De non existir excluídos, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal: www.sada.gal.

Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

7ª.- Obriga dos aspirantes de concorrer ás probas

De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal así como o suposto que se describe a continuación.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou postparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes nas que conorra a devandita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese realizar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si solo ao resto das probas.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas aos efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

8ª.- Tribunal cualificador

Os Tribunais estarán formados por un presidente, un secretario e tres vogais, designándose un suplente para cada un dos integrantes. Todos os vogais deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A designación dos membros do Tribunal de cada proceso selectivo, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

O Tribunal está facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases, así como para dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

Para os efectos de percepción de asistencias, ambos Tribunais terán a categoría 3ª das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9ª.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas

9.1. Praza de policía

A oposición constará de cinco exercicios, obrigatorios e eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte os que non acadaran a cualificación mínima establecida para cada un deles e pola orde que se sinala a continuación. Desde a finalización dunha proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito horas.

Os aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único para cada unha das probas, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal. Cando proceda, a orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

Primeiro exercicio.- Proba de Avaliación de Coñecementos dos aspirantes sobre os contidos do temario que se inclúe no Anexo I.-

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso conseguir cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N = (A-F/3)/10.$$

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non contestadas.

Segundo exercicio.- Proba de Coñecemento da lingua galega.-

Consistirá na tradución directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 1 hora. Os textos serán elixidos polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

Esta proba, dirixida á comprobación por parte do tribunal de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, cualificarase como apto ou non apto.

Aos aspirantes que estivesen en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA IV ou equivalente daráselles por superada a proba coa cualificación de apto.

Terceiro exercicio.- Probas físicas.-

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos aspirantes, quedando eliminados os que non consigan a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas de velocidade, de resistencia xeral e de natación, e alcanzar ou superar os mínimos das probas de potencia de tren superior e de potencia de tren inferior.

Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva si así o considera o Tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda tentativa cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

3º.1 Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7,40 segundos

Mulleres: 8,20 segundos

3º.2 Proba de potencia de tren superior: Os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

Flexións de brazos

Realizarse en ximnasio ou campo de deportes. Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans espaldas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que a barbadela asome por riba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o abalo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

Suspensión en barra.

Realizarse en ximnasio ou campo de deportes. O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, agarrada coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, barbadela situada por arriba da barra e sen ter contacto con ela. O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

3º.3 Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarse en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie axeitada para efectuar a medición das marcas.

O aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída até a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm

Mulleres: 185 cm

3º.4 Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarse en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

O aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3 minutos 30 segundos

Mulleres: 4 minutos 10 segundos

3º.5 Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarse nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer xiros.

O aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, os aspirantes, ben en inmersión ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 24 segundos

Mulleres: 28 segundos

Cuarto exercicio.- Probas psicotécnicas.-

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/non apto.

a) Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

b) Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento á tensión e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste xeito, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de tensións ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

Quinto exercicio.- Proba de recoñecemento médico.-

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

A os efectos da exclusión do aspirante, terase en conta o seguinte:

Obesidade-Delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da talla expresada en metros.

Calquera enfermidade, padecimento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

9.II. Praza de oficial de policía

O sistema selectivo é o de concurso-oposición, describíndose a continuación o contido de cada unha das fases:

9.II.1 Fase de concurso:

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, para o cal acompañarán á instancia os documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) que consideren oportunos. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

En aplicación dos disposto no art. 32.b) do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, no concurso-oposición, a valoración total dos méritos será obxecto de limitación, cun máximo de puntos preestablecidos. Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia este máximo de puntos que os aspirantes poderán conseguir, ao cal se lle outorgarán os catro puntos. Proporcionalmente asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

En relación coa aplicación do baremo, débense ter en conta as seguintes normas:

· Titulacións Académicas: Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, aos efectos de valoración, as titulacións necesarias ou ás que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Aos efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para á súa obtención.

· **Formación e docencia:** Non se terán en conta, aos efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos dende a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do epígrafe A.1 do Anexo II da Orde do 28 de xaneiro de 2009, nin a súa superación de materias.

En relación coa docencia, tanto como docente da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) como fóra do devandito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos dende a súa impartición.

O baremo a aplicar recóllese no seguinte cadro:

Apartados	Descrición dos méritos que se valoran	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
A.1 Titulacións académicas oficiais.	- Título universitario de postgrao, doutor ou equivalente	3,00		4,00 puntos
	- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente	2,00		
	- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente	1,50		
	- Bacharelato, técnico ou equivalente	0,50		
A.2 Antigüidade como funcionario de carreira	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses nos corpos de policía local.	0,20		4,00 puntos
	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses noutro corpo de seguranza	0,10		
	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses noutro corpo de calquera Administración Pública	0,05		
A.3 Formación profesional e docencia	Como alumno da AGASP ou en actividades conveniadas	Só asistencia	Con exame de aproveitamento	8,00 puntos
	- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015	0,025	
	- Cada hora en actividades de formación en liña	0,010	0,020	
	Como alumno noutras actividades alleas á AGASP	Só asistencia	Con exame de aproveitamento	
	- Cursos ou actividades ata 20 horas	0,20	0,30	
	- Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas	0,35	0,50	
	- Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas	0,45	0,65	
	- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas	0,50	0,75	
	- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas	0,75	1,00	
	- Cursos ou actividades de máis de 200 horas	1,00	1,30	
	Como profesor da AGASP ou en actividades conveniadas			
	- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,020		
	- Cada hora en actividades de formación en liña	0,015		
	Como profesor noutras actividades alleas á AGASP			
- Cada hora en actividades de tipo presencial	0,015			
- Cada hora en actividades de formación en liña	0,010			
A.4 Distincións e recompensas oficiais	- Placa individual ao mérito da policía local	2,00		2,00 puntos
	- Placa colectiva ao mérito da policía local	1,50		
	- Medalla ao mérito da policía local	1,00		
	- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos	0,75		
	- Distincións do órgano colexiado competente do concello	0,25		

A.5 Idiomas	- Coñecemento de idiomas, distintos do castelán e do galego, acreditados por certificado EOI	Ciclos:	4,00 puntos
		-Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto	
		-Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos	
		Niveis	
		-Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos	
		-Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos	
		-Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos	
		Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten	
A.6 Lingua galega	- Coñecemento de lingua galega segundo acreditación.	-Celga 1: 0,25	2,00 puntos
		-Celga 2: 0,50	
		-Celga 3: 0,75	
		-Celga 4: 1,00	
		- Anterior curso de iniciación: 0,75	
		- Anterior curso de perfeccionamento 0,75	
		-Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50	
		-Linguaxe administrativa nivel superior: 2,00	
Puntuación máxima total:			24,00 puntos

Finalizada polo Tribunal a valoración da fase de concurso, publicará os resultados con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións contra a valoración ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase a súa publicación definitiva. Contra esta resolución, poderán os interesados interpor recurso de alzada conforme ao previsto no art. 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.II.2 Fase de oposición

Será posterior á fase de concurso e constará de dúas probas de coñecementos referidas ao temario do Anexo II desta convocatoria.

Os aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo, e serán convocados en chamamento único para cada unha das probas, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. Cando proceda, a orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

1. Proba de Avaliación de Coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos aspirantes deberá mostrar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario.

Consistirá en contestar por escrito a dous temas do temario anexo escollidos ao azar polo Tribunal, no tempo máximo de dúas horas.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso conseguir cinco puntos como mínimo para non quedar eliminado.

2. Proba Práctica.

Consistirá na resolución dun caso práctico relativo ao temario, determinado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo da proba, que os aspirantes desenvolveran no tempo máximo dunha hora e que deberán ler ante o tribunal.

A proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo preciso conseguir cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado.

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de ambas as dúas probas, sendo necesario alcanzar en cada unha das probas un mínimo de cinco puntos para superar a oposición.

Para ponderar esta puntuación en relación ao 60% da nota final que corresponde á fase de oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería alcanzar na oposición, que sería un dez, outorgaríanselle seis puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de modo que ambas as dúas puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo dez puntos, correspondendo nesa puntuación unha porcentaxe máxima do 40% ao concurso e do 60% a da oposición. Publicidade do proceso selectivo. A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no Taboleiro de Edictos e na páxina web deste concello.

10ª.- Cualificación definitiva dos procesos selectivos:

A orde de prelación dos aspirantes que superen os procesos selectivos virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición, para a quenda libre, e do concurso e da oposición, para a quenda de promoción interna.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas, polo que se declarará aprobado en cada proceso ao aspirante que o superara coa maior puntuación.

Na acta da última sesión de cada proceso incluírase unha relación dos aspirantes que, tendo superado todos os exercicios da fase de oposición, non fosen propostos inicialmente para o seu nomeamento, co fin de poder ser nomeados, se fose preciso, en caso de renuncia do nomeado ou imposibilidade de nomeamento.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo entre dous aspirantes de distinto sexo, por existir infrarepresentación do sexo feminino no Corpo de Policía Local o empate resolverase a favor das mulleres, por aplicación do disposto no artigo 10 do Decreto 243/2008 en relación co artigo 49 do Decreto legislativo 2/2016, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Se o empate é entre aspirantes do mesmo sexo, resolverase a favor de:

a) Policía:

- 1º. Menor tempo acadado na proba de velocidade, apartado 3º.1 do terceiro exercicio
- 2º. Menor tempo acadado na proba 3º.4 de resistencia xeral do terceiro exercicio.

b) Oficial:

- 1º. Maior puntuación acadada no 1º exercicio da fase de oposición, apartado 9.II.2.1
- 2º. Maior puntuación acadada no 2º exercicio da fase de oposición, apartado 9.II.2.2

11ª.- Relacións de aprobados, presentación de documentos e nomeamento como funcionario en prácticas.

Finalizadas as probas, os Tribunais farán pública as relacións de aprobados por orde decrecente de puntuación no taboleiro de edictos do Concello e elevarán dita relación, xunto coa acta da última sesión que incluírá a lista de reserva, ao Alcalde para que este efectúe os correspondentes nomeamentos.

Os aspirantes propostos presentarán, no prazo de 20 días naturais a partir da publicación do resultado da selección, os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo.

Os que tiveran a condición de funcionario público estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións ou requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, debendo, neste caso, presentar certificado do Organismo do que dependan acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten no seu expediente persoal.

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducira que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Cumpridos os requisitos anteriores, o aspirante aprobado para a praza de Policía será nomeado funcionario en prácticas e percibirá con cargo á Corporación, as retribucións correspondentes.

12ª.- Cursos selectivo e de capacitación.

Para poder ser nomeado policía e acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007 do 20 de abril de coordinación das policía locais e o artigo 16 do Decreto 243/2008 do 16 de outubro, será requisito indispensable que o aspirante aprobado no correspondente proceso selectivo supere un curso selectivo de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública. Só

estarán dispensadas de realizar dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.

O aspirante aprobado no proceso de promoción interna á praza de oficial, deberá superar un curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública, que será obrigatorio e necesario para poder tomar posesión como funcionario de carreira no novo posto ao que acceden, coa duración e características establecidos nas disposicións vixentes.

13ª.- Nomeamento

Unha vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e período de prácticas ou ben o curso de capacitación, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira da escala e categoría correspondente por resolución da Alcaldía adoptada no termo dun mes a contar desde a recepción dos correspondentes informes da Academia Galega de Seguridade Pública. O nomeamento deberá publicarse no diario oficial correspondente.

Os funcionarios nomeados deberán tomar posesión ou incorporarse dentro do prazo un mes a contar desde a notificación do nomeamento.

14ª.- Normas finais:

1ª.- No non previsto nestas bases será de aplicación o establecido na Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación das Policía Locais, o Decreto 243/2008, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

2ª.- Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio en Boletín Oficial da Provincia.

3ª.- Agás nos casos para os que estas Bases establecen outra cousa, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo de que se dea información sobre estas publicacións a través da web municipal, información que non terá validez a efectos de cómputo de prazos.

4ª.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei do Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

ANEXO I

TEMARIO PRAZA DE POLICÍA

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución Española. O Estado español como Estado Social e Democrático de Dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: Dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito a hónraa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido de penas e medidas de seguridade. A prohibición dos tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das Forzas e Corpos de Seguridade. Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Valedor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento e elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
7. Organización territorial de Estado. As Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.
8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras Comunidades Autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.
9. O Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.
12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.
13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.
18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: Disposicións xerais e faltas disciplinarias.
19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.
22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.
23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
24. Delitos contra a Administración pública. atentados contra a autoridade e as súas axentes. Desordes públicas.
25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
26. Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
29. Lei de seguridade vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Os adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.
31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

ANEXO II

TEMARIO PRAZA DE OFICIAL

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poder. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución. Dereitos fundamentais e liberdades II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade.

4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.

5. Dereitos e deber dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías e dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

6. A coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.
15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
16. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
17. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
18. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
19. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.
20. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
21. A actividade da policía local como policía administrativa I. Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
22. A actividade da policía local como policía administrativa II. Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
23. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.
24. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.
25. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.
26. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
27. Delitos contra a Administración pública.
28. Atentados contra a autoridade e as súas axentes. Desordes públicas.
29. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas.
30. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
31. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.
32. Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
33. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereito e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.
34. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
35. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Deberes do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
36. Lei de seguridade vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estructuras e conceptos xerais.
37. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.
38. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.
39. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
40. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio
41. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.
42. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
43. Estructura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
44. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

45. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

46. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

47. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

48. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos, regras e características do mando; relación con subordinados; técnicas de dirección e reunións.

49. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

50. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 9 de marzo de 2017

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2017/1907